




PROGRAMA DE LATÍN I (1º DE BACHARELATO)

INTRODUCCIÓN

ÁREAS DA MATERIA

ÁREA GRAMATICAL

Constitúe a base dos contidos e é a que merece maior atención e desenvolvemento, máxime se engadimos o feito de que constitúen algo novo para gran parte do alumnado.

ÁREA LÉXICA

Tomaremos contacto con parte do léxico do latín, o cal, evolucionado, aínda manexamos. Por unha banda, aprenderemos e memorizaremos palabras latinas (prestando atención ás semellanzas e diferenzas coas das linguas que empregamos a cotío); pola outra, transmitiranse contidos básicos relativos á evolución léxica e semántica das palabras. Ademais, en todas as Unidades está presente unha sección chamada *ROMANI LATINE LOQVEBANTVR*, na que se amosan campos léxicos concretos: saúdos, fórmulas de afirmación, negación e interrogación, frases feitas...

ÁREA LITERARIA

Este apartado hanos dar unha lixreira visión da literatura romana, atendendo a dous aspectos: o concepto de Literatura que rexía na Antigüidade e as súas diferenzas co noso; tamén coñeceremos algunhas das figuras máis sobranceiras da Literatura de Roma.

ÁREA HISTÓRICO-CULTURAL

Este eido farános conscientes do papel de Roma como exportadora das súas ideas políticas e sociais en canto que foi a cultura antiga, xunto coa grega, qu e mais influíu na conformación da civilización occidental. Coñeceremos os fitos fundamentais da Historia de Roma, partindo da descrición da cidade e o seu entorno; tamén trataremos o xeito en que os romanos se desenvolvían na súa vida cotiá, tratando de assimilar as semellanzas co que facemos na actualidade; e botaremos unha ollada á estrutura e funcionamento do exército romano. Durante todo o curso, ademais, realizaremos visionados de fragmentos breves da segunda temporada da serie de TV Roma (Rome, 2007), que ilustrarán todos os ámbitos da civilización romana que acabamos de mencionar.

CAPACIDADES MÍNIMAS QUE SE DEBEN ADQUIRIR

ÁREA GRAMATICAL

-Coñecer os rudimentos da gramática latina: flexión nominal, flexión verbal e pronominal, como camiño para lograr o seguinte obxectivo.

-Ser quen de analizar e traducir textos breves en latín.

ÁREA LÉXICA

-Saber os significados das palabras latinas que se indiquen, o que se demostrará a través dos exercicios de análise e tradución.

-Identificar as evolucións fonéticas e semánticas máis importantes desde o latín cara ó galego e o castelán.

-Deducir significados de palabras latinas a partir das súas semellanzas coas das linguas actuais.

ÁREA LITERARIA

-Comprender o concepto de literatura que imperaba na Antigüidade e saber comentar os aspectos máis importantes dun texto proposto.

ÁREA HISTÓRICO-CULTURAL

-Aprender cales son os momentos e os personaxes máis sobranceiros da Historia de Roma, así como a configuración básica da cidade.

-Coñecer os aspectos fundamentais da vida diaria dos antigos romanos, comparándoos cos actuais e establecendo as pertinentes relacións, asimilando o papel decisivo de Roma como conformadora da nosa identidade actual.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Serán os seguintes:

a) Cando o profesor así o demande, deberán ser completados puntualmente exercicios de tipo variado: redaccións sobre puntos concretos das Unidades, traducións de secuencias en latín, cuestionarios no curso da **Aula Virtual** do Centro, traballos de comprensión sobre lecturas concretas, e tamén pequenas investigacións suscitadas polo visionado dos fragmentos da serie *Roma*. Todos eles serán valorados nunha escala de 1 a 10.



b) Realizaranse tamén exames, nos que se pedirá a demostración de coñecementos das diferentes áreas da materia, aínda que o apartado de tradución terá sempre un peso maior. Os exames serán valorados tamén nunha escala de 1 a 10.

Para o alumnado que falta reiteradamente a clase sen xustificación, o instrumento de avaliación único será un exame final de curso no que se comprobarán os seus coñecementos globais da materia, atendendo os mínimos esixibles consignados na Programación. No caso de que exista xustificación para as faltas, deseñárase un plan de traballo, de acordo coa titoría e o Dpto. de Orientación, para que os alumnos nesa situación poidan seguir, na medida do posible, o desenvolvemento da materia; neste senso, o emprego do curso da Aula Virtual será a ferramenta fundamental. No caso de non poder realizar os exames trimestrais, de ser posible, estes alumnos deberán realizar unha proba escrita a final de curso.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota de cada trimestre outorgarase de acordo coas seguintes porcentaxes:

1. Nota do(s) exame(s): 70%. Realizarase un único exame no 1º trimestre, e dous exames en cada un dos trimestres seguintes.

IMPORTANTE: No caso que un estudante sexa sorprendido empregando medios ilícitos durante a realización de calquera exame, o exercicio será cualificado globalmente cun 0.

2. Notas dos exercicios e traballos: 30%

IMPORTANTE: Por cada día de retraso na entrega dos exercicios e traballos, aplicarase un desconto de 0,2 puntos sobre a súa cualificación.



En principio, non se prevén medios de recuperar os trimestres non superados. En todo caso, cos alumnos que vaian amosando dificultades na asimilación dos contidos poremos en práctica unha estratexia de atención personalizada para axudalos a alcanzar as capacidades mínimas, incluíndo ademais a dispoñibilidade para asesoralos mediante a asistencia nos recreos e/ou a través do blog (latinitasnostra.blogspot.com.es) e/ou correo electrónico (murosenlatin@gmail.com).

Con todo, ó final de curso establecerase unha valoración de acordo cos seguintes criterios:

1. Se o trimestre suspendido é 1 dos 2 primeiros, poderanse considerar superados obtendo un aprobado no trimestre final.

2. Se os trimestres suspendidos son dous ou o trimestre final (aínda que sexa este só), o alumno deberá realizar unha proba final cos contidos relativos ó(s) trimestre(s) non superado(s).

3. A nota final de curso establecerase mediante o sistema de media ponderada: as notas dos dous primeiros trimestres terán un valor do 30% da nota final cada un, mentres á nota do terceiro trimestre se lle atribuirá un valor do 40%.

UNIDADES DIDÁCTICAS

Prologus: QVARE LINGVA LATINA?

LECTIO PRIMA

As familias lingüísticas. O latín como lingua indoeuropea. Concepto de familia lingüística. Épocas e niveis lingüísticos do latín. Roma: a cidade e a súa contorna.

LECTIO SECVNDA

Cambio lingüístico. A escritura: unha mentireira. O alfabeto latino. Prosodia latina. A Monarquía. *Romani latine loquebantur (I)*

LECTIO TERTIA

Caso e declinación. O concepto de “literatura” na Antigüidade. A República. *Romani latine loquebantur (II)*

LECTIO QVARTA

1ª e 2ª declinacións. Adxectivos do primeiro tipo. O verbo: Tema de Presente. A concordancia. O Imperio. *Romani latine loquebantur (III)*

LECTIO QVINTA

3ª declinación. Adxectivos do 2º tipo. O verbo: Tema de Perfecto. Palabras invariables. Organización política e social de Roma. *Romani latine loquebantur (IV)*

LECTIO SEXTA

Graos do adxectivo. Pronomes persoais. A evolución fonética: a regularidade. *Romani latine loquebantur (V)*

LECTIO SEPTIMA

4ª e 5ª declinacións. Demostrativos e numerais. Verbos irregulares, defectivos e impersoais. A prosa historiográfica: Salustio e Tácito. *Romani latine loquebantur (VI)*

LECTIO OCTAVA

Afirmación, negación, interrogación e orde/prohibición. Interrogativos e indefinidos. A poesía: Catulo, Horacio, Virxilio. *Romani latine loquebantur (VII)*

LECTIO NONA

A voz pasiva. Os verbos depoñentes. A vida diaria en Roma (I). *Romani latine loquebantur (VIII)*

LECTIO DECIMA


Oracións complexas (I): coordinadas e subordinadas. A vida diaria en Roma (II). *Romani latine loquebantur (IX)*

LECTIO VNDECIMA

Oracións complexas (II): outros tipos. A comedia romana: Plauto. *Romani latine loquebantur (X)*

LECTIO DVODECIMA

Formas nominais do verbo. *Romani latine loquebantur (XI)*



QVARE LINGVA LATINA?

Observa a presentación *QVARE LINGVA LATINA?* e vai respondendo, de viva voz ou por escrito, segundo che pida o profesor, ás seguintes preguntas:

Paso 3: Que cres que representa a imaxe?

Paso 4: Atende ó vídeo? De que trata?

Paso 6: Que representa o mapa?



Pasos 7 e 8: Que idioma está representado no texto e no vídeo?

Pasos 9 & 10: Que idioma está representado no texto e no vídeo?

Paso 12: Coñeces a persoa representada no retrato?

Paso 13: Entendes algo do que di o texto?

Paso 14: Atende ó vídeo. Ten algo que ver co retrato e o texto anteriores?

Pasos 16 e 17: Que representan as imaxes?

Pasos 19 e 20: Que representan as imaxes?

Paso 21: Atende ó vídeo. Ten algo que ver coas imaxes anteriores?

Pasos 23 & 24: Que representan as imaxes?

Paso 25: Atende ó vídeo. Ten algo que ver coas imaxes anteriores?

Pasos 27 & 28: Que representan as imaxes?

Paso 29: Atende ó vídeo. Ten algo que ver coas imaxes anteriores?

Pasos 31 & 22: Que representan as imaxes?

Paso 33: Atende ó vídeo. Ten algo que ver coas imaxes anteriores?

Pasos 35 & 36: Que representan as imaxes?

Paso 37: Atende ó vídeo. Ten algo que ver coas imaxes anteriores?

Paso 39: Que representa a imaxe?

Paso 40: Que representa a imaxe? Entendes o texto?

Paso 42: Que representa a imaxe?

Paso 43: Entendes o texto?

Pasos 45 e 46: Que queren dicir os textos?

Paso 47: Atende ó vídeo. Coñeces algunha das expresións que nel se citan?

Como remate, redacta as túas conclusións sobre a presenza da lingua e a cultura de Roma na actualidade.